

FINANCIAMENTO

RESERVAS:

Beneficios que forman parte do PN e que non son repartidos entre os socios. Teñen como finalidade aumentar a capacidade produtiva da empresa.

-Reservas legais: Obrigatorias para as S.L e as S.A.

-Reservas estatutarias: Están establecidas polos propios estatutos da sociedade.

-Reservas voluntarias: Constitúense libremente pola empresa.

INTERNO

Vantaxe: Aumenta os recursos propios da empresa (patrimonio neto) e consecuentemente o valor contable de cada acción.

Inconveniente: Pode ser insuficiente e lento. O crecemento ou expansión da empresa pode verse retardado si a empresa non xera suficientes beneficios.

AMORTIZACIÓNS:

É o capital aforrado que ten como obxectivo a reposición dos inmovilizados unha vez que estes acaden a fin da súa vida útil.

Ampliación de capital

Fórmula de financiamento que ten por finalidade incrementar o capital social dunha empresa.

Préstamos a L/P

Son os préstamos e créditos concedidos polas entidades financeiras cun vencemento superior a un ano.

L/P

EXTERNO

Provedores

Financiamento automático que se obtén cando se consegue aprazar o pago aos provedores. Non xera intereses pero implica a perda da oportunidade de descontos por pronto pago.

Desconto Comercial

Contrato polo cal unha entidade financeira anticipa á empresa o importe dos efectos comerciais non vencidos recibidos de clientes. A entidade cobra intereses sin asumir o risco de impago do debedor.

C/P

Leasing

Contrato de arrendamento financeiro dun ben moble ou inmobile que permite á empresa dispor de elementos de inmovilizado a cambio do pago dunhas cotas periódicas, e ca posibilidade de comprar o ben recibido ao finalizar o contrato.

Empréstitos

Préstamo, alternativo ao emitido por entidades bancarias, por un importe elevado que se divide en pequenas cantidades que se distribúen entre pequenos inversores, a cambio do pago dun interese.

Créditos Bancarios

Contrato polo que unha entidade financeira pon a disposición dunha empresa un certo límite de diñeiro do que a empresa pode dispoñer a medida que o vaia necesitando.

Factoring

Instrumento de financiamento polo cal unha empresa cede as facturas ou dereitos de cobro xerados polas súas vendas a unha compañía chamada factor para que se ocupe da súa xestión de cobro.